



DA ALARMA Á NORMALIDADE



►►► Mergullada de cheo na Fase II da desescalada, a nosa comarca camiña cara a plena normalidade logo de ter tomado medidas pioneiras a nivel galego e estatal, algunhas das cales explicamos nas páxinas interiores. Esta situación de tranquilidade e optimismo, sen baixarmos a garda en cuestión de seguridade e protección, móstrase á perfección na foto de portada deste noso novo número, un ambiente que é compartido por todos os nosos concellos.




Forza común para reactivar a economía
Os sectores da comarca achegan
fórmulas de recuperación

9



Arousa Norte colle impulso para
superar a crise
Entrevistamos a Manuel Ruíz,
presidente da mancomunidade

13



O Día das Letras máis virtual
Os nosos concellos lembraron nas
redes a Carvalho Calero

15



obarbanza.gal
Visita a nosa web

Toda a actualidade
da comarca nas
túas mans

Síguenos en:



O Barbanza

Ánimo e grazas!

Hai agora un ano un grupo de profesionais poñámonos en marcha "O Barbanza" e "obarbanza.gal", naciámos coa ilusión e a experiencia de 20 anos publicando a nosa publicación matriz Código Cero, web e revista de ciencia e tecnoloxía de Galicia.

Nestes 365 días mantivemos un proxecto con esforzo, profesionalidade e moitas moitas horas de entrega, porque cremos que temos un labor que desenvolver. Desgraciadamente a situación de pandemia dos últimos meses paralizou toda a actividade comercial, empresarial e de vida cotiá e aínda que non saímos á rúa na edición impresa, si mantivemos a nosa web e redes sociais cuns resultados que nos amosan que estamos no bo camiño. Preto de 30.000 usuarios distintos ó mes e máis dun millón de solicitudes de información de novas /mes, unha

media día de 1.600 visitantes á páxina, confirman o éxito da iniciativa que sigue medrando de xeito exponencial mes a mes (Datos AWStats).

Desde un medio comarcal como este non podemos por menos que dar as GRAZAS a todos os que estes meses permitiron que os cidadáns poderamos manter as nosas vidas do xeito o máis normal posible.

Grazas ao persoal sanitario dos centros de saúde, hospitais e clínicas, grazas tamén aos traballadores dos servizos xerais e ao persoal de limpeza e de desinfección, grazas ao persoal das residencias de maiores pola súa entrega e vocación, e tamén @s coidador@s que permitiron manter a salvo aos nosos familiares ingresados e ós maiores en moitos casos nos seus domicilios.

Grazas ao sector do mar e do agro, aos traballadores de supermercados e ultramarinos, aos comercios e aos condutores e empresas de transporte que permitiron que seguimos contando con alimentos e produtos nas nosas casas. Grazas



o sector tecnolóxico e de comunicacións, que nos permitiron levar mellor o confinamento.

Grazas aos empregados públicos que lograron manter as nosas rúas e servizos operativos e con iso podamos contar con recursos. Como non, aos voluntarios e grupos de intervención locais e os efectivos do exército, policía locais, policía nacional, garda civil e gardas de seguridade, que facilitaron a mobilidade e velaron por que as normas se cumpriran, por que é inevitable que sempre exista algún descerebrado.

Grazas aos traballadores, aos autónomos e ás empresas desde pequenas a grandes que manteñen viva a esperanza de que isto vai ir para arriba. Como non, ao sector industrial e de servizos (comercio, bares, restaurantes...) que foron sen dúbida os máis prexudicados, a eles o noso ánimo e apoio e o desexo de que axiña poidan recuperar a súa actividade, e con iso favorecer a todos os que perderon o seu traballo e o están pasando tan mal.

Como non, grazas á infinidade de iniciativas que axudaron a loitar contra a COVID-19, en especial os servizos sociais, voluntarios das ONG, civís e relixiosas, ós sacerdotes, relixiosos e pastores das igrexas que estiveron o lado dos que máis sufrían. Todos eles unha vez mais amosaron a súa entrega, solidariedade, vocación e apoio a centos de familias da comarca coa doazón de alimentos, axudas e consolo, substituíndo en moitos casos unha obriga que debían estar en mans da administración.

Grazas e felicitar como non, aos nosos Concellos e os seus rexedores e políticos locais, porque estiveron e están a altura do que se espera deles a pesar dos recursos tan limitados. Que sigan así porque son necesarios para reactivar a vida social e comercial das nosas aldeas, pobos, vilas e cidade. Sen eles será imposible.

Estamos nunha situación impensable hai tres meses e é o momento de que agora que

empezamos a estar libres, amosemos a nosa responsabilidade e sentido común, algo do que os galegos sabemos bastante, como o vimos amosando desde o inicio desta situación. Non o estraguemos agora.

O equipo de O Barbanza continuará coa vocación de informar e contar cousas, pero para iso necesitamos o apoio de vós as lectoras e lectores e das empresas, necesarias para manter o proxecto.

Por último o noso agarimo e lembranza ás vítimas que nos deixaron no camiño desta pandemia, 26 xa na comarca, as súas familias o noso pesar, e aos enfermos o apoio e o desexo de que a normalidade volva axiña ás súas e ás nosas vidas, espéranos unha terra e unhas familias maravilosas.

Animo e grazas

O equipo de O Barbanza e Código Cero

EDITA:
GRUPO CÓDIGO CERO
COMUNICACIÓN S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º G
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.: 981 530 268 - 608 240 160

DIRECTOR:
Joferpa
director@obarbanza.gal
WEBMASTER:
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com
REDACCIÓN:
Fernando Sarasketa
Sonia Pena
redaccion@obarbanza.gal

MAQUETACIÓN E DESEÑO:
Óscar Louzán
FOTOGRAFÍA:
Beatriz Martínez del Campo y
Ricoy
Joferpa

PUBLICIDADE:
publicidade@obarbanza.gal
CORREO DO LECTOR:
lectores@obarbanza.gal
A NOSA WEB
www.obarbanza.gal
REDES SOCIAIS:
facebook.com/obarbanza
www.instagram.com/o_barbanza/
whatsapp: 608 240 160

IMPRIME:
TAMEIGA, S.L.
Número 10 (maio 2020)
Publicación periódica.
Tirada: 7.000 exemplares
Depósito Legal: C 668-2019
I.S.S.N.: 2659-8256

ACTUALIDADE ► RIBEIRA

Máis de 250 medidas pioneiras contra a COVID

Ribeira priorizou a emerxencia social

O Concello de Ribeira impulsou, a través da Comisión de Seguimento da COVID-19, múltiples medidas para mitigar as consecuencias sanitarias, sociais e económicas derivadas da pandemia. Este grupo de traballo comezou a súa andaina o 16 de marzo, o primeiro día de vixencia do Estado de Alarma, aprobándose a formación da dita Comisión Municipal co fin de “tomar cantas decisións fosen necesarias para contrarrestar a pandemia”. Deste órgano forman parte os responsábeis da Policía Local, Grupo de Emerxencias e Servizos Sociais, ademais do alcalde e tenentes de alcalde.

- A Comisión adoptou máis de 250 medidas para combater esta crise. Entre elas estiveron dende a disposición inmediata de 100.000 euros (ampliábeis se fose preciso) para emerxencia social, ata organizar o dispositivo de desinfeccións, o reparto de material de protección entre a cidadanía ou atender as necesidades dos centros educativos e outros colectivos, así como medidas tendentes a procurar o “distanciamiento social” en infraestruturas e espazos públicos.
- A Comisión foi pioneira en tomar medidas de prevención para a celebración do mercadillo, limitado a produtos alimentarios e plantas. Tamén se adiantou a outras administracións ao solicitar que a Policía Local se puidese reforzar con auxiliares de pasadas promocións e con axentes xubilados, ao requirir que nas parroquias de menos de 5.000 habitantes non rexese a distinción de horarios nas saídas para pasear ou facer deporte, ou ao poñer en marcha medidas para amenizar o confinamento (con música nas rúas dende os vehículos da policía ou con felicitacións por aniversarios). Ribeira fixo historia coas súas campañas COVID, emitindo 150 vídeos de ánimo por parte de persoeiros do concello, de Galicia, de España e mesmo de máis aló. Tamén destacou o concurso AnimArte na Casa, que ademais de entreter á veciñanza na súa reclusión vai permitir que 20.000



euros vaian destinados ao comercio e a hostalería local a través de vales de compra repartidos entre os participantes.

- Reparto de material: máis de 250 biombos (mamparas) entre o comercio e hostalería; máis de 44.000 máscaras entre a cidadanía, das cales 27.000 distribuíronse porta a porta polos domicilios das nove parroquias; subministro

►► Ribeira fixo historia coas súas campañas COVID, emitindo 150 vídeos de ánimo por parte de persoeiros do concello, de Galicia, de España e mesmo de máis aló.

de 25 tabletas e 10 computadores a alumnado en risco; fornecemento de 50 puntos de conexión a Internet a alumnado; reparto de material escolar por máis de mil vivendas; e distribución de meniñas e alimentos entre persoas vulnerábeis.

- Desinfeccións. O GAEM, Protección Civil e a brigada de obras, ademais de operarios da concesionaria de limpeza, estiveron mergullados nos labores de desinfección de vías e espazos públicos, supermercados, tendas de alimentación, estancos, farmacias, hospital, lonxa, comisaría, dependencias municipais, centros de saúde... Co relaxamento das normas de confinamento, os labores focalízanse en vías e espazos públicos. Amais, Ribeira instalou a primeira cabina automatizada de desinfección e toma de temperatura na porta da Casa Consistorial, á que se engadirán unidades semellantes noutras dependencias municipais.
- Formación. Brindouse de balde a posibilidade de que mil veciños se puidesen formar *online* en 83 especialidades pertencentes a 20 temáticas a través da iniciativa Ribeira Academy. En só 15 horas cubríronse todas as prazas e, polo tanto, ampliouse a oferta formativa.

Plan Local de Desescalada

Organizáronse tres grupos de traballo de comercio, hostalería e turismo activo a efectos de consensuar as decisións máis acaídas para cada sector. Exemplo disto é o antedito reparto de biombos e máscaras, a non aplicación da parte fiscal da ordenanza de terrazas durante este ano (e a posibilidade de ocupar máis espazo público con mesas e cadeiras), ou a realización de xestións con Costas e Portos para que concedan facilidades ás empresas turísticas nas taxas e outros asuntos.

No plan inclúese tamén a apertura progresiva das dependencias municipais. Por exemplo, a Casa do Concello que nestes momentos está aberta de 9.30 a 13.30 horas, preferentemente con cita previa, ao que se sumaron, coa entrada da fase II, os museos, a biblioteca (préstamo primeiro e agora tamén sala de lectura), a aula CeMIT, a pista de atletismo da Fieiteira e o Centro de Raqueta.

Plan Reactiva Ribeira

É, en palabras do Concello, o “documento máis importante e transcendente de cantos se teñen elaborado para combater os efectos desta crise sanitaria e económica”. O plan, asinado polos grupos municipais do PP, PsdG-PSOE, BNG e Suma Ribeira, pon en xogo un incremento dos fondos ou recursos habituais dos orzamentos do Concello en 1.500.000 € en medidas específicas COVID-19, con cargo ao Remanente de Tesourería, que xunto coa reorientación dos Orzamentos Municipais para o ano 2020, conformarían o Plan Marco de Medidas Reactiva Ribeira, cunhas previsións definitivas consolidadas de máis de 38 millóns de euros. Contempla medidas fiscais e tributarias, enfocadas ao comercio local, de promoción do emprego, de promoción económica e social, de fomento da obra pública e de innovación, axudas ao sector cultural, actuacións tendentes a favorecer a mobilidade e xestións con outras administracións, etc.

Casa do Concello, casa segura

O Goberno da Pobra do Caramiñal acompañou a apertura do consistorio dun detallado protocolo de protección sanitaria

Este 25 de maio de 2020 pasou á historia como o día en que os nosos concellos entraron na fase II do proceso de *desescalada*, un novo treito da loita contra a COVID que confirma o bo traballo das administracións locais á hora de frear a pandemia entre a poboación e mitigar as súas consecuencias. A nivel cidadá e público, un dos símbolos por excelencia da nova orde de cousas é a reapertura deses referenciais espazos de encontro que foron e seguen a ser os consistorios. Co fin de garantir o mellor funcionamento e as mellores condicións de seguridade (e seguir avanzando no combate contra a pandemia), o Concello da Pobra acompañou a reapertura cun detallado protocolo de reincorporación ao traballo presencial e de medidas de protección fronte á COVID-19.

No protocolo recóllense todas as actuacións necesarias para evitar o contaxio da enfermidade unha vez que a administración municipal, de maneira paulatina, retoma o seu funcionamento normal.

A continuación reflectimos as medidas de protección habilitadas polo Concello da Pobra do Caramiñal para permitir o acceso da cidadanía aos servizos municipais:

- Cómpre seguir en todo momento as instrucións recollidas na sinalización, sobre como actuar e a onde dirixirse.
- Deberase realizar unha adecuada hixiene das mans ao entrar nas dependencias municipais, empregando a solución hidroalcohólica dispoñíbel.
- A máscara de protección deberá usarse sempre que non se poida respectar a distancia de seguridade, algo que pode acontecer dentro do edificio do Concello, polo tanto pode considerarse que o seu uso é obrigatorio.
- A atención presencial sen cita previa darase unicamente no rexistro municipal e no servizo de recadación. Nesta zona só se atenderá a unha persoa de cada vez.
- O vestíbulo será a única zona de espera, non poderán permanecer máis de 3 persoas, e estas deberán situarse nos lugares sinalados no chan, que gardan entre si a distancia de seguridade.
- As reunións coa alcaldía, as concella-



rías ou calquera outro departamento, funcionarán unicamente mediante a concertación de citas previas a través dalgún medio telemático como o correo electrónico ou a sede electrónica, tamén chamando aos seguintes números:

- 981843281 para alcaldía e concellarías.

- 981843280 extensión 2009 para os demais departamento

- O uso do ascensor será sempre de xeito individual e exclusivo para as persoas con mobilidade reducida ou que teñan prioridade no seu uso por outros motivos xustificadas.
- O público visitante non poderá empregar os equipamentos informá-

▶▶ Deberase realizar unha adecuada hixiene das mans ao entrar nas dependencias municipais.

▶▶ A máscara de protección deberá usarse sempre que non se poida respectar a distancia de seguridade.

▶▶ A atención presencial sen cita previa darase unicamente no rexistro municipal e no servizo de recadación.



Máquina de desinfectar as mans

ticos, material de oficina ou outros obxectos dos empregados públicos.

- Se unha persoa presenta síntomas da enfermidade causada pola COVID-19 (febre, dificultades ao respirar, tose) deberá abandonar as dependencias municipais de inmediato. Disporase nas dependencias municipais dun termómetro dixital por infravermellos que permitirá medir a temperatura corporal se fora preciso e con consentimento previo.
 - Para o uso da máquina do Servizo Público de Emprego de Galicia será obrigatorio a desinfección das mans antes e despois do seu uso, coa solución hidroalcohólica da que se dispón no dito espazo.
- O Concello da Pobra de Caramiñal agradeceu nun comunicado "a comprensión destas medidas" e solicitou, tamén, "a máxima colaboración" por parte de toda a veciñanza, "pola seguridade de todos e todas".

Para máis información e para consultar a evolución da loita contra a COVID no termo municipal, podemos visitar a páxina web apobra.gal, permanente actualizada e nutrida con novos datos sobre a pandemia.

▶ ACTUALIDADE ▶ BOIRO

Boiro xa leva repartidas máis de 7.000 máscaras reusábeis

O Concello de Boiro, a través do servizo local de Protección Civil, repartiu máis de 7.000 máscaras entre as veciñas e veciños. Trátase de material sustentábel e reusábel, elaborado por un grupo local de modistas que están a traballar de xeito voluntario. Este balance foi achegado polo Goberno local a mediados deste mes de maio.

Segundo lembrou o Concello, o traballo “estase facendo en man, casa por casa”, xa que, deste xeito “gáñase en efectividade, porque as entregamos directamente ás persoas”, sinalan os operarios, que recordan que “se está a tomar nota daquelas vivendas nas que non hai ninguén para volver máis tarde”. O reparto comezouse nas parroquias de Cures e Moimenta, despois seguiu-se por Bealo, Cespón, Abanqueiro e O Castro, para logo, xa pasada a metade de maio, abordar Lampón e, por último, Boiro.

As modistas elaboran nas súas casas as máscaras con tecido homologado, parte del doado pola empresa local JEALFER e tamén por The Desiree Shop, e outra parte mercado polo Concello. Os operarios de Protección Civil encárganse de repartir todo o material que precisan as modistas, como tela, fío e goma, e tamén de facer a recollida das máscaras xa elaboradas e entrega nos domicilios.

O alcalde de Boiro, José Ramón Romero, agradeceu encarecidamente “o labor que estas máis de 50 voluntarias están a realizar para a elaboración das máscaras, que tan necesarias son nestes momentos”, e tamén salientou o importante esforzo de Protección Civil para “chegar a todas as vivendas”. Tamén convidou á cidadanía a seguir sendo responsable no uso deste material de protección e de cumprir con todas as demais medidas ditadas polas autoridades sanitarias.

▶▶ O traballo “estase facendo en man, casa por casa”, xa que, deste xeito “gáñase en efectividade, porque as entregamos directamente ás persoas”



Amáis desta importante medida de protección, o Concello acompañou a volta á nova normalidade das infraestruturas municipais de medidas de seguridade sanitaria e control. Máis polo miúdo, instalou na entrada do Consistorio e do Mercado Municipal dispensadores automáticos de desinfectante para traballadores e cidadáns. Esta medida encádrase

nunha intensa liña de traballo do Concello para equipar ao persoal de materiais de protección e instalación de métodos de prevención, entre os que se contan desinfectantes, máscaras, luvas e pantallas. As oficinas que están abertas ao público contan tamén con mamparas de protección e con delimitacións espaciais para manter a distancia de seguridade.

Maio creativo, literario e tecnolóxico

As complexas circunstancias que estamos a vivir obrigaron a que a edición 2020 do Día das Letras Galegas non fose unha edición coma as demais: non houbo grandes actos colectivos para celebralas e boa parte do programado desenvolveuse nas redes (á espera dos actos conmemorativos oficiais que se adiaron até outubro). A aposta directa e integral polos novos formatos foi a tónica da completa axenda conmemorativa do Concello de Boiro, unha axenda que tamén rompe límites temporais, xa que se deixará notar durante todo o mes de maio e que responde á súa vontade de “traballar en alternativas para proseguir coa programación cultural”.

O preparado polo departamento de Cultura de Boiro está composto de dúas vertentes. Por unha banda, a programación propia do 17 de maio, que estivo centrada no autor ao que se lle adicou este ano do día

▶▶ A axenda de maio complétase co ciclo *Cultura na Rede*, que pon nas redes sociais, ante o mundo, a persoeiros locais da cultura nas súas múltiples manifestacións.

das letras, Ricardo Carvalho Calero, e, polo outro, a campaña *Cultura na Rede*, que ten como protagonistas aos profesionais da cultura, de todos os ámbitos, que hai en Boiro.

A programación do 17 de maio (que se pode visualizar nas redes) incluíu un contacontos a cargo de Teatro do Improvisto, A vaca Paca; a presentación de dous libros da man da Asociación Barbantia: *Foula* e *Ronsel*. Os anos que marcaron



Ricardo Carvalho Calero fotografado na súa biblioteca persoal

a biografía de Carvalho Calero (1910-1941) de Aurora Marco e Ricardo Carvalho Calero. A pegada do compromiso de Héctor Cajaville. Tamén se achegaron ás redes lecturas de poemas do autor e contidos diversos subidos polos centros educativos do municipio.

Como dixemos, a axenda de maio complétase co ciclo *Cultura na Rede*, que, segundo explican dende o Concello, pon nas redes sociais, ante o mundo, a persoeiros locais da cultura nas súas múltiples mani-

festacións, por exemplo Fran Velo, Sonia Lebedynski, Diana Sieira, Riveiro Coello, María Magán ou Suso Santamaría, ente outros moitos. Na actividade fan unha presentación do seu traballo e explican o que representa para elas e eles o acto de crear ou impulsar a creatividade.

Toda a programación arredor do Día das Letras Galegas pódese seguir a través das redes sociais do Concello (no Facebook, no Twitter, etc) desde o domingo 17 de maio e durante todo o mes.

Para superar a crise económica

Rianxo aposta polo comercio local



O crise sanitaria e económica solucionarase en boa medida se apostamos polo comercio local do noso concello e de proximidade. Esta é a base da campaña que lanzou o Concello de Rianxo, *Merca no Comercio Local, Agora máis ca nunca*, un chamamento á cidadanía para que peche fileiras arredor dos establecementos das e dos veciños e, tamén, un recordatorio das vantaxes de investir localmente.

Vantaxes como por exemplo a confianza que se xera entre vendedores e clientes, a posta en xogo de importantes investimentos para a vila, a creación de emprego, a xeración de riqueza e os recursos que se activan para revitalizar o sector produtivo en relación coa crise económica e sanitaria.

En palabras do Concello, “mercar no comercio de proximidade é a mellor forma de previr a crise económica e xerar riqueza que repercute no termo municipal, na veciñanza, no tecido comercial e tamén no social”. O Goberno rianxeiro lembra que cando tantas outras cousas semellaban ir fallando, “o comercio de proximidade estivo aí para nós durante a crise sanitaria”, polo que “a mellor forma de agradecerlle é mercando nas súas tendas e contratar os seus servizos”.

Seguindo este fío de reivindicación dos negocios da área de influencia máis próxima, o Concello lanzou un spot para encher as redes sociais de mensaxes en positivo arredor das vantaxes de actuar, en materia de compras, en clave de proximidade. O vídeo *Rianxo xuntos por un novo comezo*, de 25 segundos de duración, conseguiu centos de reproducións ao pouco de ter sido lanzado. Forma parte campaña do Concello *Merca no Comercio Local, Agora máis ca nunca*.

►► *Merca no Comercio Local, Agora máis ca nunca, un chamamento á cidadanía para que peche fileiras arredor dos establecementos das e dos veciños.*

Axudas de 500 euros para financiar equipamentos

Entre as medidas concretas do Concello de Rianxo para facer efectiva a súa fórmula anti-crise (unha fórmula que pasa por facer fronte común arredor das empresas locais) figura unha liña de axudas, dada a coñecer os días pasados e aprobada por unanimidade polos voceiros da Corporación, que achegará un máximo de 500 euros por negocio para contribuír a afrontar os gastos xerados dende o inicio do Estado de Alarma pola pandemia.


En termos máis concretos, o Concello pretende mitigar os problemas que se derivaron nas empresas locais por mor dunha falta case absoluta de ingresos que, ao mesmo tempo, veu acompañada da necesidade de equiparse para facer fronte á reapertura, por exemplo elementos para garantir a seguridade sanitaria como máquinas expendedoras de líquidos desinfectantes, arcos de seguridade, aparellos de limpeza específica, biombos, etc.

Neste senso, o Concello co-financiará até o 50 % dos gastos ou investimentos até un máximo de 500 euros por solicitude. A partida total será de 40.000 euros, que poderá ser ampliada en caso de dispoñibilidade e de demanda.

O Goberno local tamén fixo saber que dende a xunta de portavoces proseguirá o traballo en medidas de emerxencia social e educativa, de apoio á veciñanza máis desfavorecida e de dinamización do comercio local que se irán dando a coñecer, xunto a acordos en materia de exención e/ou rebaxa de taxas no mercadiño e nas terrazas, despois de recadar os informes técnicos pertinentes que dean cobertura a estas actuacións.

Letras Galegas 2020

O Concello de Rianxo sumouse ás celebracións do Día das Letras Galegas, celebracións que viñeron marcadas por unhas restricións á actividade presencial que foron contrarrestadas polas institucións, os colectivos e os cidadáns cunha mancha de actividades online. Esta foi tamén a fórmula do Concello de Rianxo, que quixo honrar ao ferrolán Ricardo Carvalho Calero, o autor homenaxeado este ano na festividade do 17 de maio, cunha pequena publicación dixital onde se afonda na súa vida, na súa traxectoria, no seu legado e na importancia do seu pensamento como elemento primordial de unión coa lingua e a cultura portuguesa. Podemos descargar a publicación en formato PDF a través da páxina web do Concello de Rianxo, www.concelloderianxo.gal.



▶ ACTUALIDADE ▶ PORTO DO SON

Porto do Son: sanidade e revitalización económica

O Concello de Porto do Son foi durante a crise sanitaria un ferveiro de actividades destinadas a mellorar a situación de confinamento das veciñas e veciños, a incrementar a seguridade fronte á COVID-19, a fomentar a actividade física nos fogares, a divulgar os beneficios da lectura e, tamén, a dar enerxía extra á revitalización económica do sector empresarial comercial local en tempos de desescalada. A continuación achegamos unha relación das (moitas) actividades levadas a cabo durante estes meses de pandemia.

Actividades realizadas cos veciños durante o confinamento

- **#ViaxeVirtual** · Turismo virtual a través de imaxes de veciños e visitantes

- **#EuFicoNaCasa** · Acompañamento Virtual entre os veciños de Porto do Son (así como a visita dalgún veciño que está fóra ou de antigos visitantes que fixeron chegar á poboación do concello as súas mensaxes de apoio e ánimos).

Actividades impulsadas durante o confinamento

- **Semana Especial do Día do Libro** (estendida finalmente a dúas semanas pola gran acollida que tivo)
- **#EuFicoNaCasa En Igualdade** · Confinamento co-responsable
- **#EuFicoNaCasa Deportivamente**

Prevención e apoio durante o confinamento

- **#FicamosNaCasa**, mais seguimos ao voso carón · Actividades de axuda aos veciños



- **Labores de Desinfección**
- **Equipo voluntario de confección de máscaras**
- **Equipo de entrega do material escolar**
- **Xantar na Casa** · Especial tralo Estado de Alarma
- **#SonOTeuMercado** · O comercio de Porto do Son a un clic de distancia. O Concello puxo en marcha unha páxina web que aglutina todas as empresas do termo municipal e establece unha “nova canle

de contacto” con clientes consumidores. A web sonoteucomercio.gal está aberta integramente á participación.

- **Porto do Son vive en nós, démoslle vida! Merca Local**
- **#VeciñoSolidario** · Xunto con Erme Sports e outros moitos concellos, O Son impulsou unha plataforma solidaria de axuda a cidadáns afectados pola COVID-19 e coa que se pretende recadar fondos para loitar contra a pandemia.



O comercio de Porto do Son a un click de distancia

Consciente do impacto que as restricións establecidas por causa do COVID-19 están a ter no tecido empresarial, o Concello de Porto do Son está a poñer en marcha unha páxina web que aglutine a todas as empresas do concello e establecer así unha nova canle de contacto con clientes e consumidores. Se tes un negocio en Porto do Son e queres formar parte desta iniciativa, súmate a través do seguinte formulario: <https://bit.ly/sonoteucomercio>

INFÓRMATE no 699 48 40 53 ou no enderezo electrónico cemit@portodoson.gal

Os sectores lembran: estamos tod@s no mesmo barco

Os diferentes ámbitos económicos do Barbanza coinciden na necesidade de fortalecer a colaboración e a unión arredor do tecido produtivo local, e tamén na necesidade de reivindicar o que dificilmente poden ofrecer as grandes corporacións e superficies foráneas: o trato próximo e personalizado.

1. Como podemos afrontar os retos post-COVID? Temos potencial para superalos?
2. Que mensaxe lle poderíamos lanzar á xente (de Ribeira, de Boiro, de Pobra, de Rianxo, de Porto do Son, etc) que está desexando poñer un gran de area para contribuír a saír da crise?
3. O sector que vostede representa, que perspectivas ten? Onde habería que poñer o punto de mira para coidalo e facelo despegar novamente?



“Se falla o comercio local, falla todo”

Francisco Martínez Gude ► presidente da Asociación de Empresarios de Ribeira

1 Temos potencial e somos positivos a este respecto. Dende a asociación estamos a facer un especial esforzo en reivindicar os negocios locais e as vantaxes de mercar en clave de proximidade. Somos unha entidade que defende as vantaxes do contacto directo, do presencial, o que non quita que non esteamos a favor da dixitalización empresarial, que o estamos, pero coa actividade *online*, hai que dicilo, pérdese a atención directa e personalizada, que é unha das grandes bazas do comercio de toda a vida. Queremos que a xente de Ribeira invista en Ribeira e por iso puxemos en marcha medidas como a campaña *Compra Local*, que está en activo achegando premios á fidelidade dos clientes que mercan nos

comercios do concello. Tamén teño que dicir que estamos moi orgullosos do labor despregado nesta crise pola asociación e as empresas de Ribeira. Estamos botando unha manda dende moitas fronteas, non só coa campaña *Compra Local*, senón tamén reivindicando axudas, mellores servizos e levando material sanitario e de protección aos negocios, como xeles, pantallas ou máscaras, en colaboración con Concello.

2 Nós ás persoas que queiran participar dicímoslles que teñen que apostar polo de aquí. Ese compromiso é recíproco, porque nós tamén temos que facer cousas para incentivar as compras e optimizar o servizo, como por exemplo mellorando os estacionamentos e dando

facilidades para que a xente que vén mercar a Ribeira poida facelo sen ter que pagar por aparcar. Temos que remar xuntos. A unión, como se soe dicir, fai a forza.

3 As nosas perspectivas son, ao meu ver, positivas e optimistas. Non queremos ser negativos, pero é verdade que hai que traballar para lograr os mellores resultados. Hai que dar os mellores servizos posibles aos clientes para permitir que se involucren aínda máis. Queremos que a cidade estea viva. Se falla o comercio local, falla todo. Mesmo as entidades bancarias que teñen presenza no noso concello, que son moitas, dependen de que a nós as cousas nos vaian ben. Hai que investir localmente, nas persoas que están traballando ao teu lado.



“Se nos axudamos uns aos outros conseguiremos manter postos de traballo”

José Antonio Pérez ► patrón maior da Confraría de Ribeira

1 Efectivamente o futuro é incerto. Non dubido de que sairemos desta pero a recuperación non caso do sector do mar será lenta. A xente do mar está afeita a superar emerxencias e situacións complicadas. Quero ser optimista pero sen deixar de ser realista. A pesca e o marisqueo na nosa comarca depende moito do sector da restauración e mentres non se produza un repunte de actividade dese sector non estaremos en condicións de estar relativamente tranquilos.

2 Temos que consumir produto local e comprar nas tendas de proximidade,

nas tendas dos nosos veciños porque, se nos axudamos uns aos outros, conseguiremos manter os postos de traballo, e esta cuestión é moi importante nestes momentos..

3 Como patrón maior de Ribeira, pero tamén como presidente da Federación Galega de Confrarías, quero animar á poboación a que consuma máis peixe e marisco, e non só por apoiar ao noso sector senón tamén porque non cabe dúbida de que o peixe e o marisco teñen propiedades moito máis saudables que outro tipo de alimentación e comer peixe

é comer saúde. O consumo propio tamén axuda e, sobre todo, axuda á economía dos nosos pobos mariñeiros. Recomendo mercar nas prazas de abastos, nas peixerías dos pobos e onde se garanta que o produto procede de pesca extractiva adquirida nas nosas lonxas.

Sería interesante que visitásemos os restaurantes e cafeterías dos nosos pobos, non somos conscientes da riqueza cultural e gastronómica da nosa terra e temos que ser conscientes de que cando temos tanta xente que nos visita é porque vivimos nun entorno envexable.

RETOS COVID

1. Como podemos afrontar os retos post-COVID? Temos potencial para superalos?
2. Que mensaxe lle poderíamos lanzar á xente (de Ribeira, de Boiro, de Pobra, de Rianxo, de Porto do Son, etc) que está desexando poñer un gran de area para contribuír a saír da crise?
3. O sector que vostede representa, que perspectivas ten? Onde habería que poñer o punto de mira para coidalo e facelo despegar novamente?



“Hai que aproveitar o aprendido para dar un cambio de rumbo e non caer nos mesmos problemas”

Suso Santamaría ► propietario do local boirense A Pousada da Galiza Imaxinaria

1 A revitalización ten que vir da man das administracións, con investimento público, e tamén con medidas de axudas directas aos sectores máis afectados (a pequena empresa, os autónomos do comercio, a hostalería), e a moitos outros sectores que xeran traballo e riqueza. O importante agora é que os cartos estean en mans de quen os precisa, e non nas administracións, isto poderá facilitar o consumo e o investimento, en toda a rede de pequeno comercio e empresas que estivesen afectadas.

2 Hai que aproveitar todo o aprendido para dar un cambio de rumbo, para non caer nos mesmos problemas. Por exemplo, hai que seguir devolvendo as vilas e as cidades aos peóns, hai que traballar para facer avanzar o proceso de rexeneración ambiental que se puido comprobar nestes dous meses, moitas cousas que verificamos neste Estado de

Alarma que se poden facer. Do contrario, volveremos en breve a vivir do mesmo, e para evitalo fai falla unha total rexeneración do sistema político, que saiban aproveitar a crise como unha oportunidade. Temos potencial de sobra para superar isto, e ademais, nesta comarca contamos por sorte con industria e recursos para logralo. Toda esta situación, como calquera outra crise levarase moitos negocios por diante, pero isto xa pasou antes, en Boiro en 2010 había máis de 50 locais de ocio nocturno, agora cóntalos cos dedos dunha man, e non houbo virus. Só hai que reinventarse e non renderse.

3 Penso que o turismo non se verá tan golpeado como noutras zonas do ámbito estatal. Na miña opinión, o sector non ten unha dependencia tan forte como noutras zonas de España, nin temos a mesma afluencia de visitantes, nin tampouco megaestruturas coma os comple-

xos hostaleiros da costa mediterránea, aquí practícase sobre todo o turismo de minifundismo, de pequenos hoteis e, sobre todo, de capacidade económica baixa ou media, con moita segunda vivenda ou pisos de aluguer. Nós dependemos máis da nosa poboación para subsistir todo o ano, e se baixa a súa capacidade adquisitiva ímolo notar, como o notamos sempre, pero non será un impacto tan grande coma noutras zonas. O que si que hai que facer é esforzarnos por instalarnos noutra realidade, cambiar costumes e dar prioridade á ecoloxía, á sanidade e á educación. Son os retos de sempre, pero estaría ben que todo este sufrimento valera para algo, para poñermos máis preto de cambiar a nosa maneira de vivir. Para isto todos os sectores teñen que traballar con valentía, sobre todo os políticos, e non caer nas presións dos sectores económicos.



“É tempo de poñer en valor a proximidade, o dinamismo e a profesionalidade das persoas que están tras o mostrador”

Celia Alfaya ► propietaria da Librería Ben de Rianxo

1 O maior reto é asumir a incerteza ante o que vai pasar e estar preparados para diversos escenarios de maior normalización ou de posibles e non desexados rebrotes ou pasos atrás. Está claro que nas circunstancias actuais tanto consumidores como ofertadores imos ser máis cautos á hora de arriscar no gasto, por iso temos que ser máis efectivos e atinados nas nosas apostas. Pero son tamén tempos de inflexión para o pequeno comercio. A corentena fixo patente que as vilas e cidades perden vitalidade e humanidade cando as tendas de toda a vida están pechadas. É tempo de poñer en valor non soamente a proximidade e o trato cercano do que sempre facemos gala, senón tamén o dinamismo e a profesionalidade das persoas que están tras o mostrador. E facelo contando con que o comercio local ten que empezar a idear estratexias colectivas e presionar a través de asociacións

para poder ofrecer outras alternativas de compra. Por exemplo, mellorar o noso servizo a través de plataformas colectivas de comercio electrónico, de envíos aos domicilios aínda de forma local, idear feiras e formas de visualizar o produto na rúa... Estar abertos e receptivos aos novos tempos e facer apostas cara ao comercio en rede. Para isto temos que ser fortes como grupo e contar, ademais, co apoio doutros actores políticos e sociais.

2 É momento de darlle valor ás persoas, de pensar as cousas con sinxeleza e de facer un consumo máis meditado e responsable. Todos e todas somos conscientes de que son cuestións que puxemos sobre a mesa durante estes meses. É tempo de pararse, de establecer relacións, tamén comerciais, con actores de carne e óso, de procurar dar e recibir un trato máis humano, máis san e máis sostible. De facer veciñanza, de revitalizar

as nosas vilas e de humanizar as nosas rúas.

3 A música, o cine, os libros, a expresión a través da arte, da fotografía, as montaxes audiovisuais, os labores e manualidades... actividades todas que durante a corentena nos levaron a sobrelevar as longas horas pechados en espazos reducidos e manter un pouco a cordura. Vimos que a CULTURA, así en maiúsculas, é algo intrinsecamente humano, que nos permite relacionarnos e mantermos unidos aos demais. Algo necesario para ser sociedade a pesares da distancia social.

Agora, con todas as limitacións, toca ser creativos. Idear máis actividades pequenas, iniciativas máis locais que impliquen menos actores. Darlles espazos e liberdade para expresarse aos dinamizadores culturais que por non pertencer á cultura de masas podemos chegar a pasar por alto.

1. Como podemos afrontar os retos post-COVID? Temos potencial para superalos?
2. Que mensaxe lle poderíamos lanzar á xente (de Ribeira, de Boiro, de Pobra, de Rianxo, de Porto do Son, etc) que está desexando poñer un gran de area para contribuír a saír da crise?
3. O sector que vostede representa, que perspectivas ten? Onde habería que poñer o punto de mira para coidalo e facelo despegar novamente?



“Se algo demostrou esta crise é que a unión fai a forza”

Julio Simarro ► director comercial e de *márketing* da firma pobrense CONGALSA

1 A economía e as empresas necesitamos unha folia de ruta clara por parte das administracións que contemple unha apertura progresiva da actividade económica conxugada, loxicamente, coas medidas precisas que permitan aos nosos traballadores operar coa máxima seguridade e tranquilidade fronte á pandemia.

Se isto non se produce, a medio prazo os efectos poden ser devastadores para todos os sectores, pero especialmente para o turismo (que é un dos motores do Barbanza, sobre todo en época estival).

Por suposto que creo que temos potencial para superar as adversidades e as consecuencias da pandemia. A recuperación vai depender, en gran medida, de que as persoas que nos gobernan acerten coas medidas post-pandemia e

tamén, loxicamente, de que non haxa novos rebrotes do virus.

2 Se algo demostrou esta crise é que a unión fai a forza. Creo que a gran maioría da sociedade do Barbanza, ao igual que a galega e a española, estivo á altura das circunstancias concienciándose de que un dos xeitos de reducir o impacto e a propagación do virus era cumprir coas medidas de distanciamento social, illamento e confinamento.

A crise revelou que somos unha sociedade moi solidaria. A nosa empresa, sen ir máis lonxe, colaborou con entidades como Cáritas ou o Banco de Alimentos. A solidariedade seguirá sendo un elemento clave na etapa post-pandemia que se ve ao lonxe. Serán moitos os que proba-

blemente o pasen mal e non podemos permitirnos deixar aos nosos concidadáns a un lado.

3 Moitos sectores industriais e fabrís viron resentidas as súas vendas e a súa actividade con esta crise. Quizais, neste sentido, o alimentario sexa un dos menos afectados. Desde a nosa empresa, prevemos caídas do 40% para o sector de hostalaría e a restauración e un crecemento do 25% para a venda en supermercados (*retail*).

Confiamos en que aos poucos se vaia recuperando a normalidade. Será clave para logralo que a economía se reactive, que os restaurantes e bares abran e afronten a denominada nova normalidade con certas garantías de recuperación.

www.codigocero.com

DIARIO DE NOVAS TECNOLÓXICAS DE GALICIA

Sigue a última hora de todo o que che interesa en materia de I+D+i.

O noso boletín diario é o de maior difusión por subscrición en Galicia, tal como o amosan os máis de 3.000 subscritores que reciben no seu correo electrónico un resumo de xeito gratuíto do máis destacado en materia de novas tecnolóxicas.

A que agardas? Subscríbete XA!

Síguenos en:



www.codigocero.com



ACTUALIDADE ► FASE II

Novo capítulo dun libro chamado desescalada

A comarca entra na fase II: mobilidade sen restricións, actividade cultural e posibilidade de bañarnos na praia

FASE II



Apertura de centros comerciais sen usar as zonas comúns ou áreas recreativas. Os aforos en tendas soben ao 40%



En restauración abrírase o espazo interior dos locais cun terzo de aforo garantindo distancia de seguridade



No ensino, permítese o regreso do alumnado ás aulas presenciais, pero só o de 2º de Bacharelato e o dos últimos cursos dos ciclos medios e superiores de FP



Estará permitido a caza e a pesca deportivas.



Cinemas, teatros, auditorios (con butacas preasignada), cunha limitación de aforo dun terzo, non máis de 50 persoas



Monumentos, salas de exposicións e outros equipamentos culturais. Un tercio do aforo. Respecto das praias, ábrense ao baño (en grupos máximos de 15 persoas)



Polo que se refire ao culto e aos ritos relixiosos e funerarios, permitiranse velorios e comitivas funerarias de até 25 persoas, e misas con aforo ao 50%.

Este luns 25 de maio activouse a fase II do desconfinamento, unha novidade nas disposicións do Estado de Alarma pola COVID-19 que afecta aos concellos de máis de 10.000 habitantes e cunha densidade menor aos 100 habitantes por quilómetro cadrado, pero que, pola contra, non introduce novidades nos que teñen menos de 10.000 veciñas e veciños e cunha densidade menor aos 100, que xa desfrutaban deste alixeiramento das restricións.

No caso dos concellos da nosa comarca, todos entran no novo treito da desescalada e todos están a informar nas redes das grandes novidades que este pon en xogo, publicando a relación das cousas que xa pode facer a cidadanía (con seguridade e con sentido) e que nos días inmediatamente previos non estaba en disposición de facer.

En concreto, todas as novas actividades que pasan ao cadro do "permitido" deberan facerse coas debidas garantías de protección e asegurando as distancias coas persoas coas que non se convive, evitando en todo intre as aglomeracións.

Respecto das praias, unha das cuestións que esperta máis dúbidas

►► **Respecto das praias, ábrense ao baño (en grupos máximos de 15 persoas). Os areas dos nosos concellos serán de acceso libre, aínda que, mantendo restricións de distanciamento.**

e interese, ábrense ao baño (en grupos máximos de 15 persoas). Os areas dos nosos concellos serán de acceso libre, aínda que, mantendo restricións de distanciamento. Cada concello aplicará normas específicas para controlar o aforo (o de Rianxo informou nas redes de que fará "inspeccións periódicas" para garantir a seguridade).

No que atinxe ás actividades sociais, poderanse facer xuntanzas de até 25 persoas ao aire libre (15 en espazos pechados) e darase servizo no interior dos establecementos hostaleiros (aforo do 40%, con servizo só nas mesas e separacións de dous metros entre as mesmas).

As discotecas e os bares de lecer nocturno seguirán pechados.

Polo que se refire ao culto e aos ritos relixiosos e funerarios, permitiranse velorios e comitivas funerarias de até 25 persoas, e misas con aforo ao 50%.

No que se refire á mobilidade, desaparecen como dixemos as franxas horarias para paseos e actividade deportiva, agás nos núcleos de máis de 10.000 habitantes (Boiro, Ribeira e Rianxo), onde se mantén unha queda horaria reservada para as persoas de máis de 70 anos (na actualidade é de 10 a 12 e de 19 a 20, pero cada Comunidade Autónoma pode modificala lixeiramente).

No relativo ao comercio, poden abrir todos os establecementos comerciais e de servizos (ata agora só podían facelo os de menos de 400 metros cadrados). Con todo, non deberán superar o 40% do seu aforamento.

No ensino, permítese o regreso do alumnado ás aulas presenciais, pero só o de 2º de Bacharelato e o dos últimos cursos dos ciclos medios e superiores de FP.

No caso dos espectáculos de índole cultural, outra das cuestións que xeran máis interese e dúbidas, estarán permitidos sempre e cando no se supere o terzo do aforamento. Tamén as bibliotecas da nosa comarca culminarán o proceso de

apertura iniciado a semana pasada, cando anunciaron que permitirían os préstamos e as devolucións con cita previa. Agora, tamén abrirán ao público as súas zonas de consulta. As actividades lúdicas, pola súa banda, serán para grupos de non máis de 20 persoas.

Os centros comerciais, cun aforo máximo do 30% para as súas zonas comúns (que só poden usarse para o tránsito) e do 40% para o interior dos locais, tamén volverán á súa actividade.

A capacidade das tendas para acoller clientes increméntase ao 40%.

Poderán visitarse vivendas tuteladas e centros residenciais de persoas con diversidade funcional e cognitivas. As residencias de anciáns poderán abrir as súas portas en casos excepcionais, agás nos casos en que aínda haxa COVID-19 ou algún residente en corentena.

As vodas estarán permitidas en todo tipo de instalacións, sempre e cando non se supere a metade do aforo. Especificase un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

As salas de exposicións abren as portas, coa limitación dun terzo do seu público potencial, ao igual que os cinemas, os teatros e os auditorios.

Manuel Ruíz ▶ presidente da Mancomunidade de Arousa Norte

“Debemos ser capaces de converter isto nunha nova oportunidade de promoción da zona”

O turismo da nosa comarca atópase mergullado en incertezas, dúbidas e incógnitas sobre o seu futuro. A Mancomunidade de Concellos de Arousa Norte quere saír ao paso dos grandes desafíos que nos agardan cunha fonda transformación (un gran paso adiante sobre a base dunhas innovacións que xa viñan de antigo) e coa vontade de converter os obstáculos en oportunidades. Falamos co seu presidente actual, Manuel Ruíz, para que nos mostre como transformar en ferramentas de valor as cousas que se poñen en contra. Segundo fai saber, o punto de partida é inmejorable: os grandes tesouros turísticos dos nosos concellos.

- Este mes de xaneiro soubemos que ía ocupar vostede o posto de presidente da Mancomunidade de Municipios de Arousa Norte, asumindo o cargo do presidente saínte, o alcalde boirense José Ramón Romero. O que semellaba que ía ser unha andaina de Arousa Norte chea de posibilidades de desenvolvemento, ao coincidir coas celebracións xacobeas, resultou ser un inicio de período (este final de inverno e esta primavera) moi complexo para os concellos, para o turismo e para as empresas do sector. Quen ía pensar que ía pasar algo como esta crise do COVID, non é?

- En efecto. Dificilmente podíamos imaxinar un escenario coma este hai cinco ou seis meses, co cal moitas das accións que se tiñan planificado para este ano quedaron trastocadas ou canceladas. Agora ben, sendo como é unha crise tan profunda, debemos ser capaces de converter esta situación excepcional nunha nova oportunidade de promoción dos municipios de Barbanza Arousa. Recursos non nos faltan. Poucos lugares

poden presumir de praias e espazos naturais como os que hai aquí, na maioría dos cales pódese respectar sen problemas a chamada 'distancia social', tamén nos meses de verán. Cantos territorios teñen a un tempo montes como o da Curota, castros como Neixón, praias como Tanxil e o parque natural de Corrubedo? Son fortalezas ás que temos que sacarlle partido e niso estamos traballando.

- Manuel, cre que sairemos fortalecidos os habitantes dos concellos de Arousa Norte desta crise sanitaria? Sacaremos algo positivo de tantos momentos críticos e de tanto sacrificio?

- Por suposto. Penso que esta pandemia foi un desafío no que todos e cada un de nós sacamos significativas leccións. E iso nos fai estar sensibilizados para tomar decisións, tanto nun plano individual como colectivo, tanto na faceta pública como na privada, que redunden na mellora calidade dos servizos que se presten, ao tempo que somos máis conscientes da importancia de adoptar medidas dende o punto de vista sanitario e de coidarnos nós mesmos. Economía e saúde van camiñar da man un longo treito.

- A nivel de empresas locais do sector turístico, como ve o panorama a curto, medio e longo prazo?

- Para que a industria turística e o sector servizos se activen canto antes, as distintas administracións temos que darlles un empurrón a través de axudas e concedendo outras facilidades: tributarias e formativas, por exemplo. Máis a medio e longo prazo, a estratexia pasa por saber posicionarnos como un referente no turismo de natureza e que o visitante nos perciba como un destino seguro onde pasar as súas vacacións, fins de semana e ratos de ocio.

Poucos lugares poden presumir de praias e espazos naturais como os que hai aquí, na maioría dos cales pódese respectar sen problemas a chamada "distancia social".

- Considera que o feito de existir esta mancomunidade de Arousa Norte pode ser unha boa oportunidade para que os catro concellos integrantes xunten forzas a prol dun obxectivo común e consigan deste xeito mellores resultados?

- Podo afirmar sen contemplacións que os catro alcaldes da mancomunidade estamos en contacto permanente. Consultámonos, asesorámonos, reflexionamos xuntos... e durante este Estado de Alarma seguimos mantendo longas, frecuentes e enriquecedoras conversas a través de vídeo-conferencia. Isto é así porque xa nos dimos conta fai tempo de que todos dependemos de todos se queremos que esta comarca despunte como destino turístico de primeiro nivel.

- Que mensaxe lle achegaría ás empresas do sector turístico dos nosos concellos que ven como

periga a súa continuidade?

- Que teñan confianza. Ou, usando esa palabra tan galega, que teñan afouteza. Isto vai ser intenso, pero curto, e antes do que nós pensamos volverá esa ilusión por ver como os nosos retos se van cumprindo.

- Que mensaxe lle achegaría á poboación?

- Antes dicía que desta pandemia podemos extraer moitas leccións. Entre as máis importantes, sen dúbida, está a de apreciar o verdadeiro valor que teñen para a economía da comarca as pequenas e medianas empresas e as industrias locais. Mal deles, mal de todos. Por iso temos que envorcar esforzos e confiar no noso, e os que temos responsabilidades públicas debemos proporcionarlles ferramentas para que poidan mellorar a súa calidade e competitividade, e así evitar as tentacións de Amazon e dos grandes complexos comerciais.



NOVAS

A Pobra planta cara á fenda dixital con computadores e conectividade



O Concello da Pobra vén de facer balance da súa loita contra a fenda dixital local motivada pola falta de recursos tecnolóxicos, formación ou conectividade das familias e agravada, a maiores, pola COVID-19 e o Decreto de Alarma.

O resultado foi que unha boa parte dos fogares ficaron fóra do ámbito da teleformación, “un catro por cento do alumnado do ensino obrigatorio no noso concello”, explican dende o Consistorio, que xuntou forzas (por medio da Concellería de Educación que dirixe Genoveva Hermo) cos centros de ensino para “buscar a maneira de paliar as ditas desigualdades”.

O resultado desta colaboración foi a posta a disposición das familias dos computadores cos que contan os centros educativos, que finalmente resultaron “ser insuficientes para atender toda a demanda”.

Nesta situación o Concello complementou a falta de equipamentos e tamén a ausencia da conexión á Internet facéndose cargo do préstamo de 12 ordenadores portátiles, grazas á colaboración da Concellería da Mocidade, que cedeu os equipamentos da Casa da Mocidade. Tamén se distribuíron 27 tarxetas de datos, co seu correspondente adaptador, que darán acceso á Internet.

Rianxo colabora co tecido produtivo por vídeo-conferencia

O Concello de Rianxo, a través da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, está a organizar xuntanzas por vídeo-conferencia (a través da ferramenta libre Jitsi) con persoas autónomas ou propietarias dun pequeno negocio para “analizar a actual situación provocada pola COVID-19, escoitar necesidades e valorar propostas de colaboración por parte do Concello”.

A primeira das vídeo-conferencias foi este 26 de maio.

O orzamento de Ribeira alcanza os 24,3 millóns

O alcalde ribeirense Manuel Ruiz presentou a proposta de orzamento municipal que se vai levar a pleno o 28 de maio. O rexedor manifestou que os orzamentos están orientados ao gasto social e gasto “COVID”, e que veñen complementados cun crédito extraordinario que tamén será levado ao próximo pleno. Xuntos, van permitir que todos os grupos da Corporación se así o consideran poidan aprobar o

Plan Marco de Reactivación Económica de Ribeira.

De feito, o orzamento vai ser un dos instrumentos dirixidos a facilitar a implementación deste Plan. Ruiz cualificou o orzamento como “sensible no social”, “protector no económico” e “preventivo”.

O orzamento ascende a 24.361.172,51 euros, cunha subida do 9,15% sobre a anua-



lidade anterior, subida que se fundamenta en dúas razóns: a próxima poxa do matadoiro cun prezo de saída de 1.058.000 euros e a incorporación da taxa de depuración.



Letras Galegas 2020

RICARDO CARVALHO CALERO

Cultura na Rede

Natalia Carou, Paola García, Banda de Música de Boiro, Sonia Lebedynski, Susana Muñiz, Eva Triñanes, Suso Santamaría, Ana Moreiras, Marisé Muñiz, Marta Ríos, Montse Carro, Antón Riveiro Coello, María Magán, Escola de Música, Triángulo de Amor Bizarro...

Todos os días, ás 19.00h, nas redes sociais

f y t w i @ConcelloBoiro



Carvalho Calero *online*

O Portal da Lingua Galega canalizou boa parte das actividades virtuais arredor das Letras

As Letras Galegas 2020 pasarán á historia por moitas cousas, pero sen dúbida pasarán á historia por ser as Letras Galegas nas que máis esforzos fixemos por celebrar nas redes a nosa cultura e o legado e a traxectoria do autor homenaxeado nesta edición: Ricardo Carvalho Calero. Isto reflectiuse nas moitas actividades virtuais que aglutinou o programa que a Xunta, en colaboración cunha chea de entidades e empresas (a Real Academia Galega, a asociación AGAL, o colectivo Egeria), presentou nos días previos á celebración, moitas das cales teñen a vantaxe de seguir activas e dispoñíbeis, *online*, para que as consultemos sen límites de tempo e de espazo. Houbo, en Internet, eventos virtuais, festivais, mostras, audiovisuais, eventos literarios, académicos e escolares. Amais, o Portal da Lingua Galega (lingua.gal) que impulsa a Secretaría de Política Lingüística foi (e segue a ser) un dos principais puntos de encontro da Programación Conmemorativa das Letras Galegas 2020, ofrecendo en aberto para a súa consulta ou descarga material dos proxectos conmemorativos, un material que se irá renovando e enriquecendo ao longo destes días.

Entre estes recursos dos que estamos a falar, atópase a web Carvalho Calero 2020 (carvalho2020.gal), impulsada pola Asociación Galega da Língua (AGAL) en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, no que se ofrece cumprida información sobre a biografía e obra do autor, así como o acceso a recursos dixitais deseñados tamén no marco desta colaboración, como unidades didácticas para o ensino primario e secundario, ou referencias ás edicións bibliográficas conmemorativas, fotografías que ilustran a súa vida e traxectoria e descarga da imaxe icónica orixinal, especialmente deseñada para a celebración deste Ano Carvalho Calero 2020 que a AGAL e a Xunta poñen a disposición de toda a cidadanía.

Dende a Xunta tamén destacan carballocaleroenlugo.org, feito polo Colectivo Egeria en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo e do Colexio Fingoi, onde se homenaxea a figura do autor e a súa estadía na Cidade da Muralla entre 1950 e 1965 coa exposición *Don Ricardo de Fingoi*.



Maio e outubro, meses das Letras Galegas 2020

Debido ás restricións derivadas da COVID-19, boa parte das iniciativas previstas no marco da Programación Conmemorativa das Letras Galegas 2020 presentada no mes de febreiro adquiriron dimensión virtual para celebrar o 17 de maio desde Internet. Con todo, moitas outras citas adíanse ata o mes de outubro, de acordo coa decisión da RAG de fixar os actos previstos para o 31 dese mes, o que propiciará que o ano 2020 conte con dous meses nos que celebrar as Letras.

O Goberno galego tamén salienta a relevancia que adquiriu estes días o portal institucional da Real Academia Galega (academia.gal), que ofrece unha entrega diaria da serie *Unha palabra para don Ricardo*, un conxunto de minipezas audiovisuais arredor da figura de Carvalho Calero a través desta canle e das redes da institución, coa colaboración do Executivo autonómico, e que tamén serán difundidas pola CRTVG.

A maiores de todo o devandito seguindo co fío da actividade *online* arredor de Carvalho Calero, o Portal da Lingua Galega loce xa desde febreiro unha das fotografías máis representativas do 2020, a

de Carvalho Calero na compostelá Praza da Quintana, tirada por Moncho Rama. A ela hanse sumar estes días o xogo de seis caricaturas de Siro que Política Lingüística porá tamén a disposición de toda a cidadanía, a serie de seis vídeos de divulgación arredor da figura do ferrolán feitas por Xan Leira e Acuarla Comunicación e o novo libro Ricardo Carvalho Calero da colección *As miñas primeiras Letras Galegas* impulsada por Edicións Bolanda en colaboración coa Xunta.

A maiores, o Foro Enrique Peinador e a Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros (IRGADE), en colaboración Política Lingüística, inundaron novamente as redes co cancelo #etiquetadosengalego, lema da campaña *Valoremos o noso*. Con acento propio, dirixida tanto a empresariado como a consumidores e orientada a poñer en valor o produto etiquetado na nosa lingua e mais o seu consumo.


Amais, no marco da programación conmemorativa, os departamentos de Política Lingüística e Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta estrearon o novo

►► O Portal da Lingua Galega (lingua.gal) que impulsa a Secretaría de Política Lingüística foi (e segue a ser) un dos principais puntos de encontro da Programación Conmemorativa das Letras Galegas 2020.

certame Lingua de rapear, para apoiar a creatividade e dinamizar a lingua nos usos e espazos de interese para a mocidade.

A maiores, a marca leiteira Feiraco (feiraco.es), coa colaboración de Política Lingüística, puxo en marcha o noveno Certame de Relatos Breves Feiraco, inspirados na frase *w... e máis* o primeiro Certame Infantil de Artes Plásticas Feiraco 2020, destinado a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos.

Temos unha comarca increíble. Descubrámosla!



“Deus creou o mundo e cos seus dedos formou as rías galegas”. A lenda non pode vir máis a conto. A nosa maravillosa terra espéranos para que a disfrutemos. Desde O Barbanza queremos que descubran connosco a nosa natureza, a gastronomía, o comercio e as súas xentes. Apoiémolo!

O noso agradecemento a **Antonio Parada** e **Arousa-Norte**, por facilitarnos unhas imaxes tan espectaculares da nosa terra.